



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Cultura. Convocatoria Programa Anual de Actividades Culturais (1 nov 2021 ata 31 de dec 2022)

Por Decreto de Alcaldía do 3 de outubro de 2023 aprobáronse as Bases da Convocatoria de Subvencións ás asociacións culturais para a realización do programa anual de actividades culturais entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022, que se publican para xeral coñecemento:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONÉS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2021 E O 31 DE DECEMBRO DO 2022

Unha das finalidades do Concello de Carballo é contribuír á promoción da cultura e do tecido asociativo e á potenciación do seu papel no desenvolvemento cultural así como favorecer o acceso á cultura dos cidadáns de Carballo promovendo a organización e realización de actividades culturais, para o que, entre outras medidas, realiza unha actividade de fomento a través da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións culturais para a realización do programa anual.

En cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Alcaldía resolve:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada por Decreto de Alcaldía núm. 1661 de 17 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Segundo.- Aprobar as seguintes Bases da Convocatoria de Subvencións ás Asociacións Culturais para a Realización do Programa Anual de Actividades Culturais realizado entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro do 2022.

1. OBXECTO

Estas subvencións teñen por obxecto colaborar coas asociacións culturais do municipio de Carballo na realización do programa anual de actividades culturais realizado entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022, así como contribuír ao mantemento e xestión da entidade e do seu local social.

2. FINALIDADE

Con estas subvencións o Concello de Carballo pretende contribuír á promoción da cultura e do tecido asociativo de carácter cultural e á potenciación do seu papel no desenvolvemento cultural e na dinamización do territorio, así como favorecer o acceso á cultura dos cidadáns de Carballo promovendo a organización e realización de actividades culturais.

Con carácter excepcional o prazo de realización da actividade será o comprendido entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022.

3. SOLICITANTES

Poderán solicitar estas subvencións as entidades de natureza esencialmente cultural xuridicamente constituídas, que estean rexistradas no Concello de Carballo sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos:

- Desenvolver un programa de actividades culturais dirixido, principalmente, á veciñanza de Carballo.
- Carecer de fins de lucro e que as actividades non persigan finalidade de lucro.
- Que o ámbito de actuación sexa o término municipal de Carballo.
- Que teñan a súa sede social no municipio e realicen as súas actividades culturais regularmente no mesmo.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello correspondente ao exercicio anterior.
- Ter un número mínimo de 25 socios/as na data de presentación da solicitude.

4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES, RÉXIME E CRITERIOS DE CONCESIÓN E PRESUPOSTO

4.1.-Actuacións subvencionables

As axudas poderán destinarse á organización e realización do programa de actividades culturais, así como ao mantemento ou xestión da asociación ou do seu local social entre o 1 de novembro de 2021 e 31 de decembro de 2022, e á realización da Cabalgata de Reis do 2022.

- Se dentro do programa de actividades culturais se inclúe a edición de libros, revistas ou publicacións (exceptuando folletos ou outros materiais dirixidos unicamente a difundir as actividades), deberá acreditarse o seu carácter cultural e xuntar unha copia. Se a dita publicación non estivese editada, especificaranse os obxectivos, contido, índice previstos e un borrador da mesma, se este existise.
- Os gastos xerais de mantemento e xestión da asociación e dos seu local social (seguros, alugueres de locais, electricidade, auga, limpeza, persoal contratado para atención ao público ou xestión xeral, teléfono, internet, web, gastos financeiros de comisións por mantemento de contas e transferencias bancarias, etc...) admitiranse ata un máximo do 30% dos gastos subvencionables en actividades de carácter cultural do programa presentado a esta convocatoria. Non serán gastos subvencionables e, polo tanto, non se terán en conta os importes que excedan a dita porcentaxe.
- Os gastos en comida e bebida e gastos de carácter protocolario admitiránse ata un máximo do 20% dos gastos subvencionables en actividades de carácter cultural do programa presentado á convocatoria. Non serán gastos subvencionables e, polo tanto, non se terán en conta os importes que excedan a dita porcentaxe.
- Se no programa se inclúen actividades ou accións de carácter non cultural e estas teñen un peso no mesmo que se considere significativo, estas non se terán en conta e non se considerarán gastos subvencionables. Enténdese por peso significativo con respecto ao programa global cando o número de actividades non culturais ou o presuposto adicado a estas actividades ou accións non culturais é superior ao 20% ou se o número de participantes en actividades de carácter non cultural é superior ao 20% do total de participantes no programa xeral.
- Se o solicitante inclúe na memoria de actividades ou no presuposto, actividades ou importes que incumplan as especificacións sobre mantemento, gastos protocolarios e actividades de carácter non cultural, corrixirase de oficio a solicitude, o seu presuposto de gastos e ingresos e o importe solicitado.
- Exclúense desta convocatoria a realización de inversións e obras de inversión ou infraestrutura, as festas populares e as viaxes de carácter non cultural.
- Non se poderán incluír actividades xa financiadas polo Concello de Carballo.

4.2.- Réxime de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, segundo os criterios de valoración que se indican a continuación.

Para obter á condición de beneficiario, as solicitudes presentadas deberán acadar un mínimo de 25 puntos na valoración total do proxecto.

O importe da subvención estará determinado pola suma dun importe mínimo (base), máis unha porcentaxe sobre o presuposto de gastos da entidade. As bases mínimas graduaranse en varios niveis en función da puntuación obtida pola solicitude no Criterio de valoración a) das bases, "Importancia e interese cultural do programa cultural de actividades e dos gastos realizados en mantemento ou xestión da asociación ou dos seus locais sociais". A porcentaxe sobre o presuposto de gastos da entidade virá determinada pola puntuación total obtida, segundo os seguintes intervalos:

Puntuación	Porcentaxe do presuposto de gastos (%)
+90	25
86-90	19
81-85	17
76-80	15
71-75	13
66-70	12
61-65	11
56-60	10
51-55	9
46-50	8

Puntuación	Porcentaxe do presuposto de gastos (%)
41-45	7
36-40	6
26-35	5
25	base

A organización e realización da Cabalgata de Reis do ano 2022 está subvencionada con 350 €, sempre e cando os gastos totais da actividade asumidos pola entidade solicitante superen este importe. Se o importe dos gastos é inferior, subvencionarase o gasto ata o dito importe. Cada Cabalgata só pode recibir unha subvención.

4.3.- Criterios de valoración do programa de actividade cultural

Para a valoración do programa de actividades culturais presentado teranse en conta os seguintes aspectos que se ponderarán segundo as puntuacións que se indican:

- Importancia e interese cultural do programa cultural de actividades e dos gastos realizados en mantemento ou xestión da asociación ou dos seus locais sociais realizado entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022: máximo 40 puntos.
- Valoración económica do programa cultural e dos gastos de mantemento ou de xestión da asociación ou do seu local social, tendo en conta o plan de financiamento, e as axudas económicas que se reciben doutros organismos públicos.

Valórase positivamente a menor porcentaxe de subvención solicitada ao concello en relación ao presuposto de gastos do programa. Así mesmo, terase en conta a xustificación íntegra da subvención do exercicio anterior: máximo 20 puntos.

Os gastos xerais de matemento e xestión da asociación e dos seu local social valoraranse ata un máximo do 30% dos gastos subvencionables en actividades de carácter cultural do programa presentado á convocatoria e os gastos en comida, bebida e gastos de carácter protocolario ata un máximo dun 20%.

- Número de socios da entidade e número de beneficiarios do programa cultural e proxección social do mesmo: máximo 20 puntos.
- Ámbito territorial e social do proxecto, tendo en conta actuacións de interese global para o municipio e a intervención en áreas con necesidades especiais como a zona rural: máximo 15 puntos.
- Consideración das actividades culturais realizadas durante os tres últimos anos, cooperación entre entidades coa vontade de optimizar esforzos e recursos, estímulo da participación e emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención: máximo 5 puntos.

4.4.- Importe da subvención e presuposto

O importe mínimo da subvención será de 250 € e o máximo de 4000 €, máis o importe correspondente á realización da Cabalgata de Reis, se é o caso.

Se o importe solicitado ou o que lle correspondería aplicando o réxime de concesión é inferior a 250 € non se concederá a subvención, e tampouco se concederá se o presuposto de gastos da entidade non acada 358 €.

O importe de subvención máximo será o 70 % do presuposto de gastos do programa para o que se solicita a axuda, excluindo os gastos correspondentes á Cabalgata de Reis.

Para a concesión destas axudas destinarase un presuposto de 47.000 €.

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As entidades que soliciten subvención deberán presentar as súas solicitudes na sede electrónica do Concello de Carballo no prazo de 10 días dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes presentaranse no modelo que a tal fin preparará o Concello de Carballo e no que deberá constar:

- Nome, enderezo postal e electrónico, teléfono e CIF da asociación solicitante.
- Nome e apelidos do representante da asociación, CIF, teléfono de contacto e enderezo a efectos de notificación electrónica.
- Memoria do programa de actividades culturais realizadas entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022 na que se incluíra se a asociación dispón ou non de local social, especificando horarios e uso do mesmo, obxectivos do programa cultural, ámbito de actuación, nome de cada actividade, data e lugar de cele-

bración, breve descrición da actividade, obxectivos e fins concretos aos que se destinarán as axudas, programa, destinatarios, número de participantes e resultados obtidos, responsable da actividade e outras entidades que colaboran, duración da actividade, resumo do presuposto de gastos e ingresos de cada actividade a subvencionar, especificando os gastos de mantemento e xestión da entidade e do local social, así como outras cuestións que se consideren de interese.

No caso de que unha actividade estea organizada en colaboración con outra entidade, deberase indicar o grado de responsabilidade de cada parte.

Indicarase se a entidade organizou e realizou a Cabalgata de Reis no 2022. Neste caso, especificarase os mesmos datos que se indican para o programa xeral, en especial desglose do presuposto de gastos e ingresos, conforme ao modelo que proporcionará o Concello.

- d) Breve memoria da traxectoria da asociación e actividades realizadas en anos anteriores.
- e) Presuposto total e desglosado de gastos e ingresos da asociación entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022,, correspondente ao programa cultural da mesma (excluíndo os da Cabalgata de Reis), e especificando os gastos realizados en mantemento ou xestión da asociación e do seu local social, gastos en actividades culturais, e os importes correspondentes a gastos protocolarios, comida e bebida
- f) Número de socios e importe anual da cota.
- g) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- h) Declaración responsable detallada doutros ingresos, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coas que se financiasse a actividade subvencionada, indicando o seu importe e procedencia, ou declaración de no ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- i) Declaración responsable detallada conforme a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e co Concello de Carballo.
- j) Certificación da conta bancaria a nome da asociación (non será necesario achegar este documento se xa foi presentado anteriormente e non sufriu variación).

6. RESOLUCIÓN

6.1.- As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas bases.

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrència competitiva, e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora correspondente. A Comisión avaliadora estará formada por:

Presidenta: Concelleira delegada de Cultura ou persoa en quen delegue

Vogais: Dous Concelleiros da Corporación Municipal.

Na comisión actuará como secretaria, sen voto, unha funcionaria da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

6.2.- A relación de subvencións co acordo de concesión e denegación das subvencións farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello Carballo (www.carballo.gal) e será notificada a todos os solicitantes no prazo de 10 días desde a data da resolución.

6.3.- As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custe total do programa a desenvolver.

7.- REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES

- Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solitude de subvención.

- O orzamento mínimo subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento sendo este o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentado.

- En todo caso o importe da subvención que se ha aboar non pode ser de tal contía que, en concorrència con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da dita actividade ou investimento.

8. OBRIGAS DOS PERCEPTORES

As entidades receptoras das subvencións estarán obrigadas a:

- a) Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto e nos termos previstos no proxecto e cos requisitos establecidos nesta convocatoria. No caso de producirse calquera alteración relevante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ao Concello, que deberá autorizar o cambio.

- b) Facer constar nos materiais de difusión e publicidade do programa subvencionado a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores, excepto no suposto de que algunha das actividades rematase antes da presentación da solicitude.
- c) No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.
- d) Utilizar, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade e pluralidade de roles e identidades de xénero. Excluíranse as solicitudes que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.
- e) No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.
- f) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- g) Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- h) Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- i) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- j) Xustificar a actividade subvencionada nos prazos e condicións que se sinalan nestas Bases.
- k) Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

9. PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

9.1.- Prazo de xustificación

As entidades perceptoras das subvencións deberán presentar no prazo que se determine no acordo de concesión das subvencións a xustificación da subvención.

Finalizado o prazo sen que as entidades presentasen a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención, o Servizo de Cultura requiriralle para que presente a xustificación correspondente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

9.2.- Documentación xustificativa:

a) Declaración da realización do programa de actividades entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022 obxecto da subvención e memoria da actividade realizada e dos resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o concello.

b) Documentos escaneados ou fotocopiados en tamaño A4, que demostren a realización das actividades subvencionadas, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... e materiais de difusión e publicidade nos que conste a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que non fora posible aportar estes documentos explicárase o motivo.

c) Declaración detallada e clasificada dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizada pola entidade, asinada polo/a secretario/a e presidente/a, segundo os conceptos que figuran na solicitude tendo en conta as posibles correccións realizadas pola Administración para adaptar as actuacións subvencionadas ás especificación da base 4.1 e indicación das desviacións respecto ao orzamento presentado.

d) Conta xustificativa simplificada: Declaración de todos os gastos correspondentes á actividade subvencionada realizada pola entidade detallada e clasificada en gastos culturais, gastos culturais de carácter protocolario, comida ou bebida, e gastos de mantemento e xestión da entidade e/ou do local social. Indicarase concepto de gasto e concepto do orzamento ao que corresponden, acredor, tipo de documento, importe e data de emisión, e deberá estar asinada polo/a secretario/a da entidade, co visto e prace do seu presidente/a.

Utilizaranse formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago e ca conformidade suficientemente acreditada do contratista ou proveedor na correspondente factura en caso de pagos en efectivo. Só se utilizará o pago en efectivo por importes ata 300,00 €.

As facturas relacionadas deben de corresponder a gastos que se consideran subvencionables conforme figura especificado na Base 9.3. e deberán estar datadas nos exercicios económicos para os que se concedera a subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gastos inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

Comprobación das contas xustificativas: No cumprimento do disposto no artigo 75.3 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, comprobarase a documentación relativa aos xustificantes de gasto, forma de pago dos mesmos, e toda aquela documentación que se estime oportuna ao fin de permitir obter evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención, que resulten da aplicación da seguinte técnica de mostraxe: efectuarase un sorteo entre todas as subvencións outorgadas, seleccionando un 20% das solicitudes de cada modalidade de subvencións.

e)Declaración responsable detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administración públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.f)O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo.

g)O Concello de Carballo fará unha consulta electrónica automatizada para comprobar que as entidades solicitantes están ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán de indícalo no impreso correspondente e achegar o devandito documento.

9.3 Gastos subvencionables (ver Base 4.1 desta convocatoria)

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividades subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido.

- Se dentro do programa de actividades culturais se inclúe a edición de libros, revistas ou publicacións (exceptuando folletos ou outros materiais dirixidos unicamente a difundir as actividades), deberá acreditarse o seu carácter cultural e xuntar unha copia. Se a dita publicación non estivese editada, especificaranse os obxectivos, contido, índice previstos e un borrador da mesma, se este existise.
- Os gastos xerais de mantemento e xestión da asociación e dos seu local social (seguros, alugueres de locais, electricidade, auga, limpeza, persoal contratado para atención ao público ou xestión xeral, teléfono, internet, web, gastos financeiros de comisións por mantemento de contas e transferencias bancarias, etc...) admitiranse ata un máximo do 30% dos gastos subvencionables en actividades de carácter cultural do programa presentado a esta convocatoria. Non serán gastos subvencionables e, polo tanto, non se terán en conta os importes que excedan a dita porcentaxe.
- Os gastos en comida e bebida e gastos de carácter protocolario admitiránse ata un máximo do 20% dos gastos subvencionables en actividades de carácter cultural do programa presentado á convocatoria. Non serán gastos subvencionables e, polo tanto, non se terán en conta os importes que excedan a dita porcentaxe.
- Se no programa se inclúen actividades ou accións de carácter non cultural e estas teñen un peso no mesmo que se considere significativo, estas non se terán en conta e non se considerarán gastos subvencionables. Enténdese por peso significativo con respecto ao programa global cando o número de actividades non culturais ou o presuposto adicado a estas actividades ou accións non culturais é superior ao 20% ou se o número de participantes en actividades de carácter non cultural é superior ao 20% do total de participantes no programa xeral.
- Se o solicitante inclúe na memoria de actividades ou no presuposto, actividades ou importes que incumplan as especificacións sobre mantemento, gastos protocolarios e actividades de carácter non cultural, corríxase de oficio a solicitude, o seu presuposto de gastos e ingresos e o importe solicitado.
- Exclúense desta convocatoria a realización de inversións e obras de inversión ou infraestrutura, as festas populares e as viaxes de carácter non cultural.
- Non se poderán incluír actividades xa financiadas polo Concello de Carballo.

Serán subvencionables gastos xerais de mantemento da asociación como seguros, alugueres de locais sociais, teléfono, internet, web, electricidade, auga, limpeza, persoal contratado para atención ao público ou xestión xeral, gastos financeiros de comisións por mantemento de contas e transferencias bancarias, etc, ata un importe de 500 € para o ano 2020 e outros 500 € para o período do 1 xaneiro ao 31 de outubro de 2021, independentemente da realización ou non dun programa de actividades culturais.

Se a entidade realizou un programa de actividades culturais, o importe dos gastos subvencionables de mantemento incrementarase ata un máximo do 70% dos gastos de carácter cultural do ano 2020 e do período indicado do ano 2021 do programa presentado a esta convocatoria

Os gastos de comida e bebida e atencións protocolarias serán subvencionables ata un importe máximo total do 60% dos gastos de carácter cultural da asociación., á excepción da xustificación da Cabalgata de Reis, que se exime desta limitación.

Non serán subvencionables os gastos de inversións e obras de inversión ou infraestrutura, nin os de festas populares e viaxes de carácter non cultural.

10.-PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta do Servizo de Cultura e da da fiscalización e conformidade da intervención municipal, o órgano competente e valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará as xustificacións presentadas e ordenará o pagamento.

O abono da subvención levarase a cabo mediante transferencia bancaria, nun pago único.

11. REVISIÓN, ANULACIÓN, RESPONSABILIDADES E RÉXIME DE SANCIÓN

11.1.- O Concello de Carballo reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

11.2.- En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello procederá á anulación total ou parcial da subvención.

12. OUTRAS DISPOSICIÓNS

12.1.- O concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

12.2.- A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

12.3.- Información sobre protección de datos personais (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

Responsable do tratamento: Concello de Carballo (NIF P1501900C)

Finalidades do tratamento: A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha obriga legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1,c do RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

Destinatarios dos datos: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

Prazo de conservación: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable.

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica en Política de Privacidade.

Contacto delegado de protección de datos e información adicional: dpd@carballo.gal

O Concello de Carballo subministrará os datos relativos ás subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións.

13.- FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o *Alcalde* deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

14.- NORMATIVA APLICABLE

Para todo aquilo no previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo

15. INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión das subvencións.

Terceiro.- Aprobar un gasto por un importe total de **47.000 €** (retención de crédito número 20220230012514 do 2 de outubro de 2023) con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48900 "ACTV.CULTURAL" do Orzamento Xeral do Concello de Carballo para facer fronte á concesión e pago das subvencións previstas nas Bases da Convocatoria de Subvencións ás Asociacións Culturais para a realización do Programa Anual de Actividades Culturais entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022..

Carballo, 3 de outubro de 2023

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/7885